

RESOLUCIÓN reitoral do 30 de xaneiro de 2026 pola que se publica a oferta dos obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 no Campus de Ourense.

En virtude do disposto na base 8 da resolución reitoral do 3 de novembro de 2025, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso 2025/2026, en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría

RESOLVE:

1. Establecer as condicións da matrícula de desenvolvemento dos obradoiros da Universidade de Vigo para o segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 (Anexo I).
2. Ordenar a publicación da oferta de obradoiros derivada do acordo da comisión permanente delegada do Consello de Campus de Ourense do 18 de decembro de 2025 pola que se aproban as propostas concedidas. (Anexo II).
3. Ordenar a publicación da oferta de obradoiros organizados pola Vicerreitoría do Campus de Ourense, cuxos gastos serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria OUR1 211ECUL 22606 (Anexo III)

O lugar de publicación da presente resolución realízase no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

O vicerreitor do Campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo



OFERTA dos obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 no Campus de Ourense.

ANEXO I

Condicións de matrícula nos obradoiros do 1 cuadrimestre do curso 2025-2026 no campus de Vigo.

- Período matrícula:** do 2 ao 11 febreiro de 2026.
- Criterios de selección:** por orde de inscrición ata completar o número prazas ofertadas.
- Área de inscrición:** realizarase na plataforma “Campus Activo”: <https://campusactivo.uvigo.gal/>
- Importe da matrícula** para cada obradoiro será:
 - Público xeral: 41 euros.
 - Colectivos A e B da comunidade universitaria: 26,65 euros
 - Colectivo C da comunidade universitaria: 32,80 euros(A pertenza aos colectivos da Universidade de Vigo pode consultarse no seguinte enlace: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/551>)
- Causa de cancelación dun obradoiro:** non acadar o número mínimo de inscricións especificado na táboa do Anexo II (70% do número prazas ofertadas)
- Causas de devolución do prezo** da matrícula dos obradoiros, tras solicitude da persoa interesada, cando concorra algunha destas causas:
 - Cancelación do obradoiro ou modificación das datas de celebración, horario ou lugar.
 - Formalización da matrícula unha vez completado o número de prazas do obradoiro.
 - Comezo dunha relación laboral (acreditada co informe vida laboral).
 - Maternidade/Paternidade (acreditada con certificado médico/ certificado filiación).
 - Enfermidade que impida a asistencia ao curso (acreditada con certificado médico).
 - Aboamento dunha cantidade superior ao prezo do obradoiro como consecuencia de erros materiais ou de cálculo non imputables á persoa interesada. Neste caso devolverase a diferenza aboada en exceso.
- Período e proceso de solicitude de devolución do prezo** da matrícula: as solicitudes de devolución consecuencia dos puntos do epígrafe anterior poderán presentarse dende o día seguinte a que se produza a causa que xustifica a devolución ata 15 días hábiles despois de finalizado o obradoiro en que fixera a inscrición.
Para iso, través da mesma plataforma de inscrición “Campus Activo” haberá que acceder a opción “solicitar devolución de taxas” cumprimentando o campo de



número de conta bancaria na que se fará efectiva a devolución e achegando a documentación xustificativa.

- h) **Diplomas:** a Universidade de Vigo expedirá un diploma oficial acreditativo da asistencia de cada participante que seguíse polo menos un 85% das horas totais do curso.
- i) **Recoñecemento de créditos ECTS:** o estudantado da Universidade de Vigo poderá validar a realización dos obradoiros por créditos ECTS dentro da categoría de actividades universitarias culturais. O recoñecemento farase a razón de 1 crédito ECTS por cada 25 horas.



ANEXO II

Código	Nome do obradoiro	Lugar	Prazas máx.	Prazas mín.	Duración (Presenciais + Traballo individual)	Inicio	Horario
2025/850	Aula de teatro. Nivel 1, Rosaura	Aula de teatro	15	10	45	17/2	Martes e xoves, de 19 a 22 h
2025/851	Aula de teatro. Nivel 2, Cordelia	Aula de teatro	15	10	60	17/2	Martes e xoves, de 19 a 22 h
2025/852	Aula de teatro. Nivel 3, Maricastaña	Aula de teatro	10	7	105	16/2	Luns e mércores, de 19 a 22 h
2025/853	Música tradicional galega: gaita e percusión	Pavillón Estudiantes	10	7	30	19/2	Xoves, de 18 a 21 h
2025/854	Aula de danza contemporánea: formación	Ludoteca	10	7	30	17/2	Martes e mércores, de 19.30 a 21 h
2025/855	Aula de danza contemporánea: creación escénica	Ludoteca	10	7	20	19/2	Xoves, de 19.15 a 21.15 h
2025/856	Introdución a 3D con Blender	Aula do ed. Politécnico	15	10	28 (26+2)	4/3	Mércores, de 18 a 20 h
2025/857	Costura creativa sostíbel. Nivel II	Seminario do Pavillón I	12	8	30	23/2	Luns, de 16 a 19 h
2025/858	O proceso de reinserción sociolaboral con persoas privadas de liberdade	Aula do ed. de Ferro	15	10	22 (20+2)	5/2	Xoves, de 16 a 19 h
2025/859	Danzas do mundo e interculturalidade	Ludoteca	10	7	30 (27+3)	19/2	Xoves, de 17 a 19 h
2025/860	Introdución á observación astronómica	Aula B.4 do ed. Politécnico	15	10	30	24/3	Martes, de 20 a 01.00 h
2025/861	Exposición á pornografía online na adolescencia: análise, impacto e intervención socioeducativa	Aula do ed. de Ferro	10	7	20 (18+2)	8/4	Mércores, de 18 a 20 h



2025/862	Éxito comercial: claves para emprender e facer medrar un negocio	Aula do ed. Empresariais e Turismo	30	21	25 (23+2)	21/2	Martes, de 15 a 20 h e sábados, de 9 a 14 h
2025/863	Obradoiro de fotografía creativa	Seminario do Pavillón 1	10	7	30 (28+2)	17/2	Luns e mércores, de 19 a 21 h

